



PREGUNTA ORAL SOBRE A RESPOSTA DADA POLA ADMINISTRACIÓN Á INSTALACIÓN DE PANCARTAS NUN CENTRICO EDIFICIO DO CASCO HISTÓRICO

Cando nas fachadas do casco histórico se instalan rótulos ou bandeirolas sen respectar a ordenanza correspondente e as previsións do Plan Especial, o Concello require ás persoas responsables a fin de que retiren tales elementos e, no seu caso, lles incoa un expediente sancionador. Non entanto, durante semanas, na céntrica e anterior sede do partido político que sustenta ao Goberno municipal -na mesma Praza do Toural-, mantivéronse colgadas pancartas que non semellaban axustarse á normativa que preserva o patrimonio e a paisaxe monumental.

Tal flagrante e continuada exhibición de pancartas -tanto electorais como alleas ao proceso electoral- no corazón do casco histórico puido supor: a) unha contravención groseira da normativa; b) unha soberbia falta de exemplaridade do Goberno de CA, toda vez que as pancartas se despregaron na sede do Partido -ou do "proceso"(sic)- que sustenta ao Goberno-; e c) unha quebra do principio de igualdade de todos ante a lei - toda vez que ao conxunto dos cidadáns si que se lle esixen responsabilidades en supostos semellantes-; unha quebra do principio de igualdade que se inseriría noutros casos xa coñecidos -e, ao parecer, investigados pola Xustiza- nos que, en función de criterios arbitrarios, o Goberno de Compostela Aberta tería actuado con máis ou menos ou ningún rigor con quen incumpre as normas.

Así as cousas, sen menoscabo do dereito deste Grupo municipal de ver respondidas as precisas preguntas escritas que sobre este mesmo asunto se formularon no seu día, (concretamente, o 30 de xuño do pasado ano), ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal o concelleiro que subscribe presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

Ante a flagrante e continuada exhibición de pancartas no inmovible da Praza do Toural que foi sede de CA, cal foi a resposta da Administración e cales son as razóns que explican a resposta dada?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Alejandro Sánchez- Brunete
Concelleiro do Grupo Municipal Popular